

# Traballamos cun plan de futuro para Outes: emprego, habitantes e atención ás parroquias

## O BNG presentou máis 30 mocións e máis dun cento de rogos e preguntas

O BNG de Outes comezou a traballar dende o primeiro día de mandato para mellorar a vida da veciñanza do noso concello. Traballando coma a forza alternativa de goberno levamos adiante máis dunha vintena de propostas que saíron aprobadas na súa maioría e máis dun cento de rogos e preguntas, recollendo o sentir

e os problemas da veciñanza. Centramos os nosos esforzos en facer propostas necesarias e urxentes que precisamos para solventar os nosos problemas de base: pouco emprego local, perda constante de habitantes, abandono xeral e falta dun plan de futuro para Outes. Fixemos todo isto sen desatender os problemas

de cada parroquia e tamén cunha gran presenza na loita contra o roubo que supoñen os proxectos eólicos actuais. Este traballo inxente respalda a nosa posición coma o grupo político que máis propostas rexistrou e danos máis forza que nunca para acadar a alcaldía e un goberno digno para Outes nas eleccións locais de 2023.



Visita da nosa deputada Rosana Pérez á Pontenafonso para expoñer publicamente o compromiso do BNG co saneamento integral da nosa ría. De esquerda a dereita: Representante de PLADEMAR, Voceiro do BNG de Noia, María Xosé (Voceira do BNG de Outes), Voceiros do BNG de Porto do Son e Lousame, responsábel comarcal e Rosana Pérez.

Envío postal sen enderezo



María Xosé Suárez Castro.  
Voceira do BNG de Outes

## Queremos un goberno traballador que achegue solucións

### O goberno actual demostrou incapacidade total ao longo deste ano e medio de mandato

Nas pasadas eleccións locais de 2019 a veciñanza votou en chave de cambio e progreso no noso concello. Por desgraza, o partido encargado de facer goberno tiña outras pretensións distintas ás da veciñanza e dende o primeiro momento instalouse no continuismo e na chapuza. Dende o BNG puxémonos sempre a disposición para chegar a acordos beneficiosos para Outes, mais o

goberno só ofreceu excusas de mal pagador. Pouco cambio no noso concello máis alá das caras e das siglas. Temos un goberno que prioriza as chapuzas ao ben facer, que prioriza as súas tácticas electoralistas ao ben da veciñanza. Un goberno instalado no abandono que non ten proxecto de mellora nin atende ás problemáticas reais do noso pobo. Outes merece un goberno mellor, que traballe e que consiga feitos, non só propaganda.

# O BNG fai un intenso labor construtivo, serio e responsable, pensando sempre en Outes

## Construímos o camiño cara un goberno de consenso no 2023

Despois dunha campaña intensa nos que obtivemos uns resultados históricos tiñamos claro que debíamos estar á altura da situación para responder á confianza depositada no BNG pola veciñanza. Dende o primeiro día comezamos a traballar e iniciamos negociacións con Compromiso para formar un goberno de consenso e estable para Outes. Moi ao noso pesar o equipo de Manuel González xa tiñan clara a súa posición de antemán. Desatenderon por completo o mandato do pobo e demostraron que o único que lles interesou dende o principio foi repartirse cadeiras e carguiños.

Así chegamos á situación na que estamos: un goberno en minoría que non conseguiu ningún acordo a maiores do seu soldo grazas ao PP. O BNG asumiu o seu papel como a alternativa real para Outes e comezamos a traballar en positivo e ofrecendo as propostas que precisa a nosa veciñanza. Mostra disto é que no ano e medio que vai de mandato levamos presentadas 30 mocións. Somos o grupo político que máis propostas fixo até o momento, contando tamén con máis dun cento de rogos e preguntas que, entre outras cousas, fixemos para atender ás problemáticas dos lugares e da xestión cotiá.

***"Temos un goberno que se esqueceu da xente e só se preocupou polo seu soldo."***

Tamén fixemos propostas para os diferentes plans de obras dos que saíron algunhas como: arranxo dos paseos (Freixo, Siavo, Broña, Albán e Serra), senda peonil dende o Bosque até a piscina municipal, arranxo das instalacións de Taxamar. Dentro destas propostas sempre facemos fincapé na necesidade de coidar as estradas municipais e actuar sempre incluíndo a rede de saneamento.

Unha gran parte das nosas propostas foron aprobadas, mais o goberno apenas foi capaz de cumprir a medias con algunha. Aínda así amosamos a nosa xenerosidade dándolle unha nova oportunidade aprobando os orzamentos de 2020, mais, por desgraza para o noso concello, todo segue igual. O último despropósito foi a intención de aprobar máis de 1,4 millóns de euros para a execución de obras sen consenso ningún e que marxinaban por completo ás parroquias do norte: Outes, Valadares, San Lourenzo, Santo Ourente...

Esta partida non deixaba nin un só centimo para atender a grave crise económica e social que nos deixa a pandemia. Nun momento no que moitas familias do noso concello



Os nosos concelleiros María Xosé Suárez e Anxo Núñez nun pleno do 2019

viven co xusto, o goberno non deixaba un só céntimo para gasto social: 0€ para un plan de emerxencia social, 0€ para fomentar o emprego local, 0€ para promoción económica e fomentar o consumo local e 0€ para promover o asentamento poboacional.

***"Un alcalde non pode estar de costas á xente. Outes merece moito máis e loitaremos para conseguir un cambio real no 2023 mentras mantemos un traballo intenso na oposición."***

O BNG opúxose firmemente a esta desfeita e movemento anti-democrático do goberno, contribuíndo a aforrarlle ás contas municipais preto dun millón de euros, mais salvaguardando as obras, xa que se trasladaron moitas delas ao plan de obras que financia a Deputación.

Este ano e medio demostraron o engano que supón Manuel González e o seu partido xa que non ofreceron ningún cambio real e o único que demostran, unha vez máis, é a súa falta de interese polo benestar dos nosos veciños e veciñas.

***"O BNG é a alternativa clara de goberno en Outes. Ofrecemos seriedade, proxecto e traballo para afrontar os problemas de base que sofre o noso pobo. O noso obxectivo é o benestar da veciñanza"***


Seguiremos a traballar sen descanso ofrecendo unha alternativa seria, construtiva e coas ideas ben claras para poder mellorar todo o posible a vida da nosa veciñanza. Seguiremos facendo propostas, seguiremos en contacto permanente coa veciñanza e seguiremos denunciando o que está mal. Temos claro que a única alternativa que ten Outes para poder progresar é o BNG. Por iso traballaremos con todas as nosas forzas para acadar a alcaldía no 2023 e comezar a construír futuro.

## Algunhas das nosas propostas presentadas:

- ✓ Elaboración dun plan de saneamento integral
- ✓ Creación dunha bolsa de vivendas
- ✓ Rexeitamento aos proxectos eólicos actuais
- ✓ Arranxo dos paseos fluviais e marítimos
- ✓ Propostas para o fomento do emprego local
- ✓ Creación dun servizo de transporte municipal
- ✓ Creación dunha escola infantil "Galiña Azul"
- ✓ Protección de espazos naturais singulares
- ✓ Propostas para a recuperación da crise da COVID-19
- ✓ Propostas para aumentar a transparencia
- ✓ Aumento do coidado nos espazos públicos
- ✓ Creación dun mercado de produtos da horta
- ✓ Coidado e posta en valor do Esteiro do Tambre
- ✓ Proposta para a emisión de plenos a través de internet
- ✓ Creación dunha sala de ensaio
- ✗ O goberno só cumpliu con dúas propostas ate o momento

# A perda constante de habitantes no noso concello

O BNG quiere poñer en marcha unha bolsa de vivendas e axudas para o aluguer a menores de 35 anos



O descenso poboacional é un problema do que somos conscientes todos os veciños. É o principal problema ao que o noso concello ten que facer fronte. O descenso da poboación por debaixo dos 5.000 habitantes pode determinar a perda de numerosos servizos (colexio, instituto, centro de saúde, biblioteca pública, correos...). Se continuamos no ritmo actual chegaremos a esa cifra nos próximos 10 anos. Estámonos achegando a un punto de non retorno.

Tras décadas de inacción por parte do goberno local a situación é acuciante e requírense actuacións que fomenten o asentamento poboacional.

A modificación do PXOM para incluír chan industrial é un paso importante que xa se está a dar. Dende o BNG propoñemos tamén outras iniciativas, como son a promoción do comercio local, a creación dunha escola infantil e a creación dunha rede de transporte municipal que facilite as comunicacións. Tamén nos comprometemos a traballar para lograr unha mellora na conexión a internet coa que conta o concello.

Outes perde poboación non só debido ao envellecemento senón tamén a que moitos veciños e veciñas non son quen de encontrar traballo aquí e vense obrigados a buscalo noutros municipios. Para que a xente quede a vivir aquí é fundamental fomentar e diversificar o emprego. Dende o BNG queremos facilitar ao máximo o labor dos empresarios e emprendedores.

Mesmo cando os nosos veciños e veciñas traballen fóra de Outes isto non debería ser impedimento para que puideran vivir aquí se lles proporcionamos uns adecuados

servizos públicos de conciliación. O noso concello é un lugar que pode ofrecer gran calidade de vida ás familias debido á súa localización. Non debemos olvidarnos de que contamos cunhas paisaxes privilexiadas, somos rurais, mais estamos preto de núcleos urbanos como Compostela, temos mar e monte: témolo todo.

Unha das nosas primeiras propostas neste mandato foi a creación dunha bolsa de vivenda local, porque resulta fundamental que aquelas persoas que queiran vivir no noso concello estean provistas de ferramentas que lles axuden neste sentido. Esta medida é sinxela de poñer en práctica e non implica un gran desembolso económico. Tamén pedimos o establecemento de axudas que financien parte do aluguer dos menores de 35 anos. Ambas medidas foron aprobadas por unanimidade en pleno, mais continúan sen ser executadas. Traballamos e seguiremos traballando para loitar contra a tendencia da perda de poboación en Outes.

## Proxectos eólicos en Outes: O roubo

**Energía eólica si, pero non así**

É ben coñecido o noso posicionamento ante os cinco parques eólicos proxectados en Outes. Estamos a favor das enerxías renovables pero é un atropelo saquear os nosos recursos cunha lei que ampara ás grandes empresas a cambio de esmolas para os galegos e os outenses.

Non pode ser que se permitan muiños de máis de 200m de altura a 500m dunha vivenda. Non pode ser que queden dentro dunha poligonal vivendas e aldeas como o caso de Banzas, o que se traduce en que deixen de rexirse polo PXOM e calquera licenza de obra terá que ser aprobada pola Xunta. Preocúpanos a afectación de zonas de grande interese natural, como as fervezas de San Paio, sexan afectadas de maneira irreversible, así como humedais, brañas, acuíferos e mananciais.

Permitir a instalación de parques nestes lugares pode implicar dende a perda das traidas de auga veciñais ata o desvío e afectación de regatos e ríos. Isto foi algo que vimos vir e no que traballamos dende o primeiro momento: organizamos varias charlas

informando aos veciños, contactamos con distintas plataformas e asociacións veciñais (en especial mención á Quijote Outes polo seu gran traballo e implicación), levamos esta situación ao parlamento a través de Rosana Pérez e Luis Bará que, xunto coa eurodiputada Ana Miranda, viñeron á zona.

Diante de todo isto atopamos unha lei de depredación feita polo PP que favorece as eléctricas e condena ás aldeas ao abandono. Tamén atopamos un goberno municipal que dende o primeiro momento xogou a enganar aos veciños, un goberno que se veu na obriga de contratar unha asesoría xurídica para defender os intereses dos veciños, tras unha moción do BNG e unha forte presión veciñal, pero que despois se desentendeu por completo deixando este problema nun segundo plano.

O goberno do señor González que presentou unhas alegacións aos parques que son unha auténtica chapuza, un corta/pega das alegacións presentadas polos veciños. Unhas alegacións nas que se chega a dicir que o parque de Banzas afectará aos usuarios de ADISBISMUR en troques do de Valadares.



Plataformas veciñais na presentación da nosa moción en contra dos proxectos actuais no 2019

É unha auténtica falta de respecto aos veciños que o goberno de Outes non se dignara, nin se quera, a revisar as alegacións que custaron máis de 4000€ das arcas públicas. Xustamente o mesmo goberno que tivo coma asesor privado ao representante de Green Capital Power no noso país e que agora ten a un familiar directo do mesmo.

Outes merece moito máis ca un goberno da Xunta que só atende aos intereses dos máis ricos e un goberno local que pasa de todo. Dende o BNG temos claro que non nos imos rendir e que seguiremos traballando para evitar o roubo e atentado contra o noso pobo que supoñen os proxectos eólicos actuais.

## O PP tumba as propostas do BNG para Outes nos orzamentos da Xunta



Rolda de prensa coa nosa deputada, Rosana Pérez, para expoñer as nosas emendas comarcais

En decembro o BNG da comarca Muros-Noia presentou emendas aos orzamentos da Xunta por valor de máis de 25 millóns de euros. As actuacións propostas son necesarias e reclamadas dende hai anos pola veciñanza de toda a ría e tamén do noso concello.

Entre as propostas estaba un proxecto para o saneamento integral da ría e a recuperación de bancos marisqueiros, o arranxo e adecentamento da ponte de Ceilán ou restauración da Ponte Nafonso coa súa varanda de pedra.

Tamén presentamos emendas para cumprir co prometido e executar a humanización da Avenida de Fisterra, crear unha escola infantil pública e actuacións de peso no saneamento municipal.

Diante destas propostas o Partido Popular votou en contra de todas e cada unha delas, votou en contra de proxectos necesarios e longamente prometidos para a nosa veciñanza. Un ano máis no que a nosa comarca queda marxinada por parte da Xunta.

## O BNG non deixa de medrar

Nas pasadas eleccións galegas do 12 de xullo confirmouse a expansión imparable que está a vivir a nosa formación acadando o seu mellor resultado no Parlamento de Galiza con 19 deputadas e pasando a ser a primeira alternativa de goberno.

Xa puidemos ver esta tendencia no 2019 cando voltamos contar con voz propia no Congreso dos Deputados da man de Nestor Rego e agora que se constata, en diferentes enquisas, á

nosa voceira nacional, Ana Pontón, como a líder mellor valorada polos galegos. O BNG é a alternativa de goberno que precisa Galiza. Unha forza dialogante, construtiva, comprometida coas maiorías sociais e centrada nos problemas do noso país.

Traballamos con toda a nosa forza para convertérmonos no 2023 no goberno local de Outes e no 2024 no goberno de todas e todos os galegos.



Visita ao porto do Freixo do noso deputado en Madrid, Nestor Rego, a finais de 2019

## Retomaremos as visitas parroquiais



Visita parroquial no 2018

O 2020 ía ser unha continuación da nosa maneira de facer as cousas: con contacto directo e constante coa veciñanza, mais xusto cando íamos comezar coas visitas parroquiais comezou a catástrofe da pandemia.

Malia iso, centrámonos en colaborar e facer propostas para mitigar os efectos e que Outes saia o mellor posíbel posíbel desta crise. As restricións sanitarias e o contexto mundial impedíronnos desenvolver

estas visitas e manter o contacto desexado coa veciñanza. É por iso polo que nos comprometemos a retomar as visitas tan pronto as condicións sanitarias nolo permitan e aproveitamos para lembrarnos que podeades facer todas as achegas que queirades a través das nosas redes sociais e dende o noso correo electrónico:

[outes@bng.gal](mailto:outes@bng.gal)

Xuntas facemos un Outes mellor!

## Queremos un concello coidado e limpo

Levamos anos denunciando o abandono xeral e a falta de planificación para a limpeza e desbroce das estradas e espazos públicos. O concello segue sen contar coa limpeza e o coidado que precisa. O goberno de Manuel González segue sen amosar interese en solucionar isto, a mesma que mantiña o PP cando gobernaba.

O mínimo que se lle pode pedir a un

goberno municipal é que coide e manteña limpos os espazos públicos e, aínda así, seguimos na mesma situación de sempre.

Dende o BNG seguiremos reclamando que se aumenten os recursos destinados á limpeza de viais e espazos públicos e se realice unha planificación axeitada en vez de traballar a ollo.





# Temos un concello cheo de oportunidades

## O BNG é a alternativa que Outes precisa para avanzar

Hai xente que, cando vive dende sempre nun lugar, deixa de velo aínda que o mire, e deixa tamén de valoralo. Iso pásalle, por desgraza, a moitos veciños e veciñas que tras anos de abandono dende o PP e agora con Compromiso Lles custa recuperar o optimismo. Igual tamén é porque sempre nos queren comparar cos dous concellos lindeiros que dan nome á ría, o que fai que, para gran parte de Galiza, e incluso das comarcas limítrofes, non existamos. Mais, Outes teno todo.

Temos un territorio rico en paisaxe, cheo de patrimonio arqueolóxico e arquitectónico (civil e eclesiástico), temos praias, temos montes cheos de boa madeira e con vistas espectaculares, temos ríos e pontes de pedra, temos unha ría chea dos mellores berberechos e ameixas do mundo, lugariños con casas señoriais e pazos, un centro do concello que se chama Serra porque estivo cheo de serrarías e que conserva edificacións históricas preciosas, un porto cheo de vida no Freixo, unha ponte histórica coma Ponte Nafonso que salta o río Tambre na súa desembocadura e un interior cheo de segredos e recunchos de película.

**"En Outes temos de todo: paisaxes fermosas, patrimonio histórico, praias, montes, ríos e ría. #Outestenotodo"**

E en Outes tamén temos xente moi valiosa. Porque somos xente de mar, do agro, de gandaría e de horta, e a nosa xente é tamén o noso gran patrimonio: persoas que fan música, que escriben, escultoras, pintoras, artesáns de moitos ámbitos diferentes, até da xoiería, e tamén persoas famosas e empresarias con proxección mais alá das nosas fronteiras. Pero, sobre todo temos: xente emprendedora, traballadora, colaboradora e festeira. E non só aquí, tamén temos xente fóra, que tivo que emigrar porque non atopou traballo na súa terra, pero que volvería encantada se o tivera, e que lles doe o noso concello, como ás persoas que vivimos aquí.

**"A nosa xente tamén forma parte do tesouro que garda Outes. Xente diversa, traballadora e colaboradora que segue agardando por un goberno que faga o noso concello avanzar"**

Só nos falta querermonos máis e poñermos en valor o que xa temos. Porque témolo todo e só precisamos dun goberno coas ideas claras e con ganas de traballar. O BNG ten un proxecto de futuro para Outes, para coidalo e melloralo, para progresar e avanzar, para que poidamos gozar nun día próximo dun concello ideal para vivir e visitar.





## "As medidas contra a COVID teñen que incluír axudas directas aos sectores máis afectados"

**Ana Pontón, voceira nacional do BNG**

**Estamos nun momento crítico nos niveis de incidencia da COVID.**

**Como valora a situación?**

Era previsíbel. A Xunta actuou con enorme irresponsabilidade no Nadal, sen tomar as medidas que eran necesarias, e agora pagamos as consecuencias.

É unha vergoña que o presidente da Xunta non actúe como tal e se dedique a botar balóns fóra. Necesitamos políticas que lideren a recuperación, con firmeza e ideas claras. Nun momento coma este é cando se ve que tipo de gobernantes temos: Feixóo é dos que se esconde.

**As medidas restritivas, chegan a tempo?**

Son medidas tardías e sen planificación. A Xunta non ten plan nin sabe moverse máis alá do regate curto.

A situación da COVID esixe de restricións claras, pero tamén de reforzar o sistema sanitario galego e de pór en marcha liñas de apoio directas aos sectores máis afectados. Feixóo estase dedicando a tres cousas: poñer escusas fronte aos datos, acabar coa atención primaria na sanidade e deixar á intemperie aos sectores económicos máis afectados.

**E no medio desta situación, unha nova suba da luz.**

Si, é tremendo. O Goberno central baixa a cabeza ou directamente é cómplice do atraco permanente das grandes empresas enerxéticas. A enerxía, a luz, son unha necesidade básica, non podemos aceptar que o lucro privado mande máis que os dereitos e necesidades sociais.

No caso galego, ademais, é escandalosa: producimos máis enerxía da que consumimos, exportamos a España ao redor dun 30% e seguimos pagando máis cara a luz que Madrid, que non produce nada.

Esta realidade só ten un nome: é un espolio dos recursos galegos para que se enriquezan grandes multinacionais con sede en Madrid.

**Está decepcionada co papel que está a facer o Goberno central?**

Non é decepción. Simplemente constatamos o que vai pasando, analizamos os feitos. Do goberno Feixóo, na Xunta, non esperamos nada bo.

Con Feixóo imos ter catro anos máis de propaganda, de control dos medios de comunicación, de recortes sociais e de falta de apoio á industria e á

economía galega. E o Goberno central? Até o de agora foi un Goberno que, dun lado, mantén a discriminación a Galiza e non cumpre o acordado, e que, doutro, demostra que non ten valentía política, como tristemente se está a ver na suba da luz, nas políticas sociais ou na negativa a investigar a corrupción da monarquía.

**Que toca facer neste panorama?**

Toca facerse valer. A sociedade galega está a tomar consciencia de si mesma. Tamén da raíz que os seus principais problemas teñen no centralismo, na discriminación histórica que padecemos e que continúa viva, e na necesidade de decidir nós, de facernos valer para poder avanzar.


Somos un país con recursos, con talento, con potencial, con capacidade para saír adiante. Só temos que poñer todo iso ao servizo de crear aquí emprego e riqueza.

Eu quero unha Galiza viva, xusta, forte e con futuro, e creo que hai cada vez máis e máis galegos e galegas que tamén teñen a mesma visión da Galiza na que queren vivir.

**Séguenos nas redes!**



BNG de Outes



@bngdeoutes



outes@bng.gal